

Análise do sartego de Juan Freire de Andrade, realizada por **MARGARITA SANCHEZ YAÑEZ**. En "*Historia de San Sadurniño*. (2)". Estudos Mindonienses 30. (2015)

1) SARTEGO DE JUAN FREIRE DE ANDRADE

Morreu Juan Freire de Andrade e foi soterrado, como os seus pais, na capela maior da súa igrexa de San Sadurniño nun sartego baixo arcosolio de segmento de arco no lado da epístola. O enterramento está rodeado por unha ampla moldura con dúas ringleiras de bólas separadas por unha liña curva sen decoración.

Sobre do caixón hai unha tampa con estatua xacente de cabaleiro. Reflicte un cambio na vida, na moda e nos costumes. A labra amosa un aspecto ben diferente do do seu pai, pois non se lle representa como un guerreiro senón como un cortesán, o cal evidencia os cambios. Non viste armadura senón roupón de cabaleiro ata media perna.

A cabeleira é algo longa e a parte superior da cabeza está cuberta por un chapeu a xeito de bonete un pouco alto, o dun cabaleiro da corte. Leva barba tamén longa, de corte moi cadrado. Sobre o peito na parte esquerda ten gravada unha vieira cunha cruz patada que imita a algún dos modelos de cruces templaria ou Sanxouanista e de Malta, e que é a mesma que aparece nun escudo en Santa María de Régoa e tamén é como a que está no escudo en San Andrés de Teixido, aínda que hai outra cruz algo diferente que está no interior, na parte superior do retablo da capela de San Andrés. Pénsese que a cruz das oito beatitudes dos templarios é de oito puntas como a dos Sanxouanistas. Tamén se asemella a outra cruz en relevo que está sobre o arco da porta da capela da Fame de Liñeiro que non se ve ben porque a pedra está moi meteorizada.

O cabaleiro leva un libro aberto nas mans, que ten unha inscrición. Do lado de fóra, xunto á cabeza, un anxo pequeno semella agabear cara á imaxe. Cuns brazos longos e desproporcionados tenta chegar á cabeza e alumiñar o cabelo de Juan Freire. Quizais sexa un xeito de dar vida á escea, o mesmo que outro detalle que se vai comentar.

O cabaleiro gasta roupón cunha abotoadura central e ten amplas pregas. Ten un repregado na parte inferior cun recollido case esférico. O roupón chégalle por embaixo dos xeonllos e amosa as pernas, seguramente cubertas por calzas ou medias e o escultor, como querendo dar vida e realidade ó cabaleiro, permitiuse un detalle anecdótico quizais relacionado con algún sucedido da vida ou co xeito de amañarse o difunto, poñendo nunha perna un escafpín máis estirado que o da outra perna, que está dobrado e queda moi encollido. Quizais se labrou dese xeito para achegalo máis á realidade.

A figura do cabaleiro tamén aparece cun can ós pés, cunha iconografía un pouco diferente do modelo medieval pois a cabeza do can se adianta regañando os dentes.

Por riba da tampa, no muro, nunha especie de tímpano ata o arco hai unha inscrición na que se manifesta que alí foi enterrado o corpo de José Jacinto Quindós Reinoso Andrade y Figueroa. Mais disto xa se falará cando se traten aqueles tempos.

No frontal do caixón hai outra longa inscrición, do que hai unha transcrición que di:

ESTE FUE JUAN FREYRE D'ANDRADE Y ESTE MONASTERIO Y LOS FRAYLES DEL SON OBLIGADOS POR SU ANIMA DEL CADA DIA DEZIR UNA MISA CANTADA CON SU RRESPONSO Y OTRA MYSA RREZADA Y RESPONSO CANTADO POR LAS ANYMAS DE FERNAN D'ANDRADE Y DE DOÑA INES DE CASTRO PADRE Y MADRE DEL DYCHO JUAN FREYRE EL QUAL PONE PENA DE VENDICION Y MALDICION AL HERDERO Y SUCESORES DE SU CASA QUE PARA SIEMPRE JAMAS AGAN DEZIR LAS SOBRE DICHAS DOS MISAS CANTADA Y RREZADA CON DOS RRESPONSO PARTIOSE DESTE MUNDO EN EL AÑO DE ¿1555?

O ano vai aquí posto entre interrogacións porque ofrece serias dúbidas, de xeito que non é unha transcrición senón unha data aproximada, baseada na información documental, que sitúa a morte probablemente entre 1555 e 1565.

Na parte superior do arco, colocados na parede, hai uns escudos que puideron pertencer ós lados curtos –cabeceira e pés– dos caixóns dalgún dos enterramentos dos seus pais, Fernando e Inés.

Nun manuscrito do ano 1716 dise que os tres sartegos están no lugar orixinal³³:

...bieron, allaron, y es cierto que en la pared del lado dela epístola dela misma capilla maior ay un nicho y dos nichos en la pared dela mesma capilla maior al lado del evangelio, que en todos son tres

Pero tamén é certo que é unha referencia serodia que non priva de que na orixe poidesen ser exentas as de Inés e Fernando.